# O CARPAZO

NOVEMBRO - DECEMBRO



Periodico escolar do
COLEXIO DE BLANCOS
8º Curso
Nº0
E.G.B

# EDITORIAL

Queridos pais e público que vai ler este xornal: estamos moi ilusionados coa publicación deste primeiro número de: "O CARPAZO", un xornal que foi feito, enteiramente, por todos nós. Está composto por distintas seccións: pasatempos, noticias, deportes, cousas de Galicia, moda... A nós agradaríanos moito saber que foi do voso agrado. Como este número do xornal coincide coas festas Navideñas, aproveitamos para felicitárlle-lo Nadal.

¡BO NADAL!

# «SÍMBOLOS DE GALICIA»

## -A BANDEIRA.

Un dos símbolos mais impostantes de Galicia é a súa bandeira.
Eche así; cando véxa-la bandeira de Galicia, pensa que alí está presente o noso pobo, a nosa lingua e as nosas cousas... ¿qué cousas? Moitas, Moitas...
Ainda que xa viches moitas veces a nosa bandeira, fíxate ben neste debuxo:



Un pano branco, unha xeira azul, de arriba a abaixo e de esquerda a dereita. Dende agora, onde a vexas, sabes que ahí está Galicia, os galegos, e que alí está mesmo un anaquiño de ti.
A bandeira galega non sempre foi así, os galegos, xuntáronse, cantaron, sufriron ou choraron ó pé doutra bandeira diferente á de hoxe. Pero aínda así, para eles, polas anteriores razóns, significaba o mesmo. Nas súas orixes, tiña cor branco e bermello, cun escudo no medio.

Eva Mª Rodríguez.

Ademais da bandeira, contamos con outro símbolo como o é o escudo, que é caseque máis importante ca bandeira.

# O ESCUDO



Sete estrelas, como pombas
que tornan ao seu pombal...
(Luis Amado Carballo)

Ten un cáliz e unha patena no medio e medio do escudo. Leva unha coroa enriba, na parte superior. Ó pé do cáliz aparecen cruces, tres a cada lado do cáliz e unha enriba do cáliz.

Mª José Andrade.
8º EGB

# NOTICIAS

Istes dias morreu en Nocedo un home que se chamaba Serafín Castro e era mudo. O xoves apareceu morto na súa casa de Nocedo, as chamas queimarono o 90% do corpo. Leváronno a facer la autopsia a Ourense. Pro outro día enterrárono.
¿Foi morte natural ou non?

Un seiscentos remolcou a unha camioneta. Como a furgoneta pesaba moito, atáronlle unha corda ó tubo de escape do seiscentos e cando foi arrancar, quedou sin tuvo de escape. O feito ocurriu en Blancos.

O cura de Cobelas enfadouse cos seus fieles e acusounos de matarlle as palomas.

O concello de Blancos por medio do seu alcalde arranxou o campo de fútbito, pintandoo e logo comproulle unhas canastas.

José A. Losada

Josi Rodrigue

José Carballo

# ENTREVISTA

Esta entrevista foi feita a un ferreiro do pobo de Vilar. As preguntas que se lle fixeron foron relacionadas co seu oficio:

¿Que materiais se utilizan para traballar nunha ferrería?

Os materiais que dan uso ó traballo dun ferreiro son: tenazas, forxa,.... ferro, aceiro e outros.

¿Pode decirnos as definicións dalgúns destes materiais?

O ferro é un metal que soporta transformacións e ten un color gris azulado.

A forxa é coma un fondo, onde se quentan os materiais para os forxar.....

¿Que tipo de materiais fai co ferro ou aceiro?

Os materiais que eu fago, ou mellor dito, fixen, foron as rellas, arados, fouces, sachos, machadas, ferraduras,.....

Se se xuntasen varios ferreiros ¿podería resultar un plan industrial?

Si, eu (qu) creo que podería resultar un plan industrial, polo avanzado que está todo.

¿Canto tempo lle levaría a un rapaz novo aprender este oficio?

Para aprendelo ben faría falta toda a vida, pero como mínimo os dous anos.

¿É difícil aprender este oficio?

- O oficio é bastante fácil de aprender anque tamén ten a súa parte mala, e neste caso é traballar cunha man e atenazar coa outra.

¿Pódese vivir deste oficio?

Non, eu creo que non, actualmente por si solo non pode quitar moito proveito deste oficio.

¿Gustaríalle que algún dos seus fillos fose ferreiro?

Si, gustaríame, anque solo fose por conserva-lo oficio na familia.

¿Se aínda fose novo ¿montaría unha ferrería con empregados?

Si, eu creo que actualmente montaría unha ferrería.

Mª José Andrade

MODA PARA DISFRUTAR TELA







Mª José Andrade T

Eva Mª Rodrigue

# "DEPORTES"

Onte á tarde no partido xogado no local da dagente, destacou moito o xogador Manolo levando o balón sempre na cabeza, porque a súa cabeza ocupaba a metade do campo.

Ganaron os cabezóns contra os miudos por 25-0



Esta é a foto que nos deixou sacar o Manolo "Cabezon" porque Manolo cabezon quere ir á lexión, a súa mai non o deixa por esceso de cabeza.

Esta foto buscábana todas las "chicas" do mundo

¡¡VIVAN OS CABEZONS!!

# DEPORTES



Aquí está o gran fuscas, corredor de motos. Tras batir o recod do ano pasado superouse asi mesmo cun recod de caidos.

Sempre que se xuntaba el co cura había un accidente porque o cura é corredor de formula Uno. E sempre conduce coa boca aberta

Disputouse unha carreira na capital de Cerdeira e o cura iba polos barrancos e chegarón a liña de meta o fuscas coa moto as costas e o cura cas catro rodas do coche. Unha metida na cabeza, outra metida nun pé e outra metida nun brazo e a outra na man con ela.

---

Disputouse un partido de "futbol" entre os profesores e "Alumnos". Os profesores perderon por 10-1, o único gol dos profesores meteuno "Maria del Carmen" e foi de cabeza

Tres hurras por "Maria del Carmen"

Hip Hip hurra

Hip Hip hurra

Roberto Placido Amadeo

# PASATEMPOS

## Sopa de letras

B R U A G E N I T R L S A Z R N

B L E S R L U E I O C O R P X A

I N I G P I E O B N V B U B P N

R W I N D I L O S U U M S I O W

P T H I C V N P N E A M E R T E

Z M O E E D O C I N L E

E N Z O R R O Z

Nesta sopa de letras figuran o nome de seis animais carnivoros ¡Animate e búscaos!

## IMAXINACIÓN

Se és listo e emprega-la túa imaxinación podrás ordenar ben as palabras que se che dan a continuación; dámosche un exemplo:

ÑOCARU - CORUÑA
SDAMOBC -
TOZANBES -
SORUNEE -
MONÑEDODO -
GATISANO -
GLOU -
TIU -

## Crucigrama




HORIZONTAIS:
1. Coloquialmente, palabra que designa algo do que non se sabe o nome. Manantial. 2. Pronome. Outra de fora. Existes. 3. Fogar. 4. Artigo. Vila que ten un mosteiro de moita sona. Aire. 5. O revés, abeño. Rio galego. 6. Patria de Ulises. Da bisbarra do Ulla. 7. Pan de millo mainzo. Lugar para garda-la leña na cociña. 8. Interxección. Vila da montaña luguesa onde queren facer unha central hidroeléctrica. Simbolo do ouro. 9. En... na casa de. 10. Interxección para chamar. Contemplasen. Preposición. 11. Mono. Imaxinacións.

VERTICAIS.
1. Habitación monástica. Marchábamos cara aló. 2. Conxunción. O revés, rixidos. Dous. 3. Entrégao. 4. Siglas comerciais. Quitan. Seis. 5. Mirara. Ramallo de uvas. 6. Terra con auga. Frutos da vide. 7. Cruel. Rei de Itaca. 8. Vocal repetida. Ataúo para auga. Lazo apertado. 9. ¿Onde está! 10. Nome de letra. Quixera, estimara. Contracción. 11. Espallen, esparexen. Certos arbustos montesios.

# XEROGLÍFICOS

EME 888

¿Cantos amigos tes?

DO AROUSA

¿Onde está o teu pai?

# As flores de letras




Se ordena-las letras destas duas flores atoparás os nomes de dous mariscos. ¡Consigueo!

# A FICHA DA MÚSICA

**Bruce SPRINGSTEEN.** Este foi un vocalista que tocaba a guitarra. Os seus pais eran emigrantes holandeses. Creceu libre e andivo por moitas partes do mundo intentando ser un artista. Mais tarde e despois de moitos esforzos chegou a ser o «boss" (o xefe) do «rock and roll" dos anos 70 e 80. Tivo moitos discos, principalmente os chamados: «discos piratas» Algúns dos seus discos son: "Greetings from Asbury Park N.J." - "The Wild, the Innocent & The E Street Shuffle" "Born to Run" e moitos outros.

A última vez que Bruce SPRINGSTEEN estivo en España foi no ano 1.981 na cidade de Barcelona, anque fixo mais xiras mundiales.

Cancións mais importantes: "Hungry Heart" "Born in the USA" "Born to Run" "Badlands" "Sherry Darling" "The E. Street Shuffle" "Brilliant Disguise" ...



BRUCE SPRINGSTEEN


Eva Maria Estévez Lama
Josefa Rodríguez Rodríguez